



Inserción laboral da formación para o emprego

CURSOS 2013



© Xunta de Galicia. Inserción laboral da formación laboral para o emprego. Cursos 2013

EDITA:

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Emprego e Formación

ELABORA:

Instituto Galego das Cualificacións

URL: <http://ediciontraballo.xunta.es/web/portal/publicacions-recursos?activo2=sop4>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 3.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by/3.0/es/deed.es>

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. OBOECTIVOS	2
3. METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	3
4. RESULTADOS GLOBAIS DO ALUMNADO 2013	4
5. ANÁLISE TERRITORIAL.....	4
5.1. ANÁLISE PROVINCIAL.....	4
5.2. ANÁLISE COMARCAL.....	6
5.2.1. <i>Comarcas urbanas</i>	6
5.2.2. <i>Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as urbanas)</i>	9
5.2.3. <i>Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados</i>	11
5.2.4. <i>Comarcas con menos de 30 alumnos formados</i>	13
6. ANÁLISE POR FAMILIAS	13
6.1. ALUMNADO FORMADO E INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	13
6.2. PERFIL DO ALUMNADO INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	16
6.3. ESPECIALIDADES FORMATIVAS CON MELLORES RESULTADOS	18
7. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO	21
7.1. ALUMNADO INSERIDO POR SEXO E NIVEL ACADÉMICO	21
7.2. ALUMNADO INSERIDO POR IDADE E NIVEL ACADÉMICO.....	23
8. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS	24
8.1. ACTIVIDADE ECONÓMICA DA EMPRESA CONTRATANTE	24
8.1.1. <i>Clasificación por sector económico</i>	24
8.1.2. <i>Clasificación en seccións CNAE</i>	25
8.2. GRUPOS OCUPACIONAIS	28
8.2.1. <i>Clasificación en grandes grupos ocupacionais</i>	28
8.2.2. <i>Clasificación en grupos primarios</i>	30
8.3. TIPOLOXÍA DOS CONTRATOS	32
9. CONCLUSIÓN.....	34
9.1. ANÁLISE TERRITORIAL	34
9.2. ANÁLISE POR FAMILIAS	35
9.3. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO.....	36
9.4. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS.....	36



1. Introducción

Un dos principais obxectivos da política formativa da Consellería de Traballo e Benestar é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores e das traballadoras desempregados.

Con independencia do maior ou menor grao de dinamismo que presente o mercado de traballo nun momento dado, a análise do proceso de inserción laboral do alumnado dos cursos desenvolvidos desde a Consellería de Traballo e Benestar resulta de grande interese de cara a perfilar actuacións e políticas educativas e laborais de carácter xeral, á parte, como é obvio, da utilidade intrínseca derivada da análise dos ditos fenómenos: o coñecemento da transición do alumnado desde estas accións formativas ao mercado de traballo.

A avaliación dos cursos de formación para o emprego enténdese como un proceso continuo de valoración de resultados que debe ser realizado antes, durante e despois de cada unha das actuacións levadas a cabo co fin de mellorar continuamente a eficacia e a calidade dos programas formativos executados. O sistema de avaliación non se reduce ao período en que os alumnos e as alumnas se atopan participando nos cursos, senón que se amplía ao período posterior á súa finalización. Esta avaliación que nos ocupa neste informe ten como principal obxectivo coñecer o nivel de inserción laboral conseguido polo alumnado formado e a conseguinte influencia que no logro dela poida constituír o feito de ter participado nos cursos de formación ofertados. Deste xeito, o resultado da inserción laboral ilustra e calibra a perspectiva xeral dos cursos de formación para o emprego como instrumento principal para dar resposta a unha necesidade de formación en ocupacións reais do mercado de traballo e á capacitación para o seu desempeño profesional que permite a actualización constante en función da demanda laboral.

O Instituto Galego das Cualificacións conta cun Observatorio Ocupacional que ten dentro das súas principais funcións a de estudar a relación formación-emprego para coñecer o grao de adaptación efectiva que se consegue entre a formación impartida polas institucións e os centros de formación e os requirimentos dos traballos nas empresas. O documento elaborado presenta un informe de resultados a partir dunha análise da inserción laboral das alumnas e dos alumnos participantes nas accións formativas programadas pola Consellería de Traballo e Benestar durante o ano 2013.




2. Obxectivos

Unha das ferramentas que pretende servir como criterio ou apoio na toma de decisións sobre as accións que se deben subvencionar é, precisamente, a información achegada pola avaliación da formación. Ademais de tratar de realizar un seguimento e control dos investimentos que en materia de formación e emprego realiza, a Dirección Xeral de Emprego e Formación está interesada en coñecer o perfil das persoas participantes nas accións formativas e as repercusións laborais que ten a realización dos cursos no alumnado. Neste sentido, o obxectivo principal do informe é analizar a inserción laboral do alumnado formado nas accións formativas dirixidas ao colectivo de desempregados.

Podemos definir outros obxectivos intermedios:

- Medir os efectos das políticas formativas desde unha perspectiva do mercado de traballo; é dicir, coñecer o alcance e a adecuación da oferta formativa respecto aos requirimentos da actividade económica actual.
- Identificar aquelas accións formativas que contan cun nivel de inserción laboral maior, así como o perfil das persoas que, tras acudir aos cursos, acceden ao emprego.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS





3. Metodoloxía e fontes de información

Para a elaboración deste informe, tomamos como referencia, exclusivamente, os cursos ofertados a desempregados. As vías de programación foron as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD). Os datos analizados correspóndense co ano 2013.

Partimos da análise dos resultados descritos para aqueles alumnos que acadaron o seu certificado acreditativo, descartando aqueloutros que obtiveron resultado negativo ou ben abandonaron o curso por diferentes causas.

Traballamos cos conceptos de inserción bruta e inserción neta:

Inserción bruta: consideramos inseridos os **alumnos que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

Inserción neta: **dos alumnos inseridos, contamos aqueles que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso, pero que, ademais, o posto de traballo acadado está relacionado co contido do curso de referencia**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

O ámbito xeográfico de referencia é Galicia, con resultados desagregados por provincias e comarcas, tendo en conta o domicilio do centro impartidor.

O informe desenvolve os resultados da inserción do alumnado formado, agrupados por familia profesional e distribuídos en función de diversas variables: sexo, idade, nivel académico, tipoloxía da contratación, actividade económica e grupos ocupacionais.

O rexistro de contratos que utilizamos para comprobar o grao de inserción real do alumnado foinos subministrado polo acceso directo á base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Por outra banda, a base de datos do sistema de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar (SIFO) ofrece información sobre os cursos impartidos.



4. Resultados globais do alumnado 2013

A programación de cursos dirixida a desempregados no ano 2013 acadou un total de **10.101 alumnos formados, cunha inserción do 52%**, se temos en conta un período de 12 meses desde que remataron os cursos.

O 62% deste alumnado xa conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses.

Un 25% do total dos alumnos inseridos atopan traballo relacionado co obxecto do curso.

Todos estes datos pasamos a estudalos en maior profundidade atendendo a diferentes niveis de análise.

5. Análise territorial

5.1. Análise provincial

Atendendo ao repartimento nas catro provincias galegas, a situación é a que segue:

Táboa: Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) nas catro provincias galegas


	Formados	12 meses desde remate do curso	
		Inseridos	% inserción
A Coruña	3.332	1.614	48%
Lugo	1.851	947	51%
Ourense	1.801	902	50%
Pontevedra	3.117	1.763	57%
GALICIA	10.101	5.226	52%

As provincias da Coruña e Pontevedra aglutinan un 64% do alumnado, fronte a un 18% acadado tanto en Lugo como en Ourense. **A provincia de Pontevedra é a única que consegue unha inserción bruta superior á media galega.**

Baseando a nosa análise na inserción do alumnado aos 12 meses contados desde a finalización do curso, a situación por provincias quedaría reflectida no seguinte gráfico de barras:




Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) por provincias



Por outra banda, da **inserción neta** por provincias reflíctese a seguinte situación: a provincia de **Pontevedra é a única que obtén unha inserción neta superior á media galega**, acadando un 33%; Ourense un 21%, A Coruña un 20%, e Lugo obtén a inserción relacionada máis baixa, cun 18%.

Inserción bruta e neta por provincias



A provincia de Pontevedra vese claramente influída pola realización de cursos con compromisos de contratación na área de Vigo pola empresa Citroën. Esta circunstancia xustifica en gran medida o feito de que **1 de cada 3 persoas que realizan cursos na provincia pontevedresa atope traballo relacionado co obxecto do curso**.




5.2. Análise comarcal

Analizar de xeito conxunto as 53 comarcas galegas resulta pouco homoxéneo, xa que o volume de alumnos formados e inseridos que podemos atopar en cada unha delas non permite extraer conclusións xerais. Será necesario, pois, estratificar estas áreas territoriais partindo do volume de alumnos formados e, deste xeito, poder establecer comparativas entre zonas semellantes entre si.

Partindo deste criterio, imos clasificar as 53 comarcas en catro grupos de análise:

- Comarcas urbanas (referidas ás sete grandes cidades): A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados, excluídas as das sete grandes cidades.
- Comarcas que teñen, polo menos, 30 alumnos formados e menos de 100.
- Comarcas con menos de 30 alumnos formados.

Segundo esta distribución, o repartimento do total dos 10.101 alumnos formados corresponderíase co seguinte gráfico de sectores:




5.2.1. Comarcas urbanas

Estas sete comarcas presentan un volume de alumnado que condiciona claramente a inserción global da súa respectiva provincia. Con respecto ao ano 2012, o peso que supoñen as sete grandes cidades incrementábase en sete puntos porcentuais, acentuando a súa importancia específica dentro do conxunto da formación na nosa comunidade autónoma.



A situación con respecto á media de Galicia é a que segue:

Inserción bruta nas comarcas das sete grandes cidades con respecto á media galega



Existe unha dispersión de ata dezaseis puntos nos datos de inserción das sete comarcas (58% de Vigo fronte a un 42% en Ferrol).

A Coruña presentaba a menor inserción bruta dentro das catro provincias galegas (48%). As cidades da Coruña e Santiago de Compostela superan lixeiramente a inserción media provincial, mentres que Ferrol é a cidade galega con peores resultados relativos (42% de inserción) dentro do conxunto da comunidade autónoma.

Ourense e Lugo sitúanse tamén por detrás da media galega.

Vigo é a cidade con mellores resultados relativos, ao acadar unha inserción media que supera en seis puntos porcentuais a media de inserción galega. Pontevedra, pola súa parte, rexistra unha inserción bruta similar á calculada para o conxunto de Galicia (52%).


Por último, cómpre sinalar que **a inserción parcial¹ no conxunto das comarcas urbanas acada o 50%, situándose dous puntos por detrás da inserción lograda no conxunto de Galicia.**

Parte do alumnado que atopou traballo fíxoo en ocupacións relacionadas co obxecto do curso, circunstancia que presenta distintos resultados segundo a comarca que se estude. Os resultados aparecen no gráfico seguinte:

¹ A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas sete comarcas entre a suma de formados nelas.



Inserción neta nas comarcas das sete grandes cidades con respecto á media galega



A cidade de Vigo é a única que amosa unha inserción bruta superior á galega; no entanto, no que respecta á inserción neta, son tres as cidades que melloran sensiblemente o resultado calculado para o conxunto de Galicia: Vigo, Pontevedra e A Coruña.

A comarca de Vigo conta cunha importante inserción neta do 41%: catro de cada dez alumnos formados nesta comarca atopan emprego relacionado co obxecto do curso realizado. Esta relación baixaría lixeiramente nas outras dúas cidades con inserción relacionada relevante: un 28% en Pontevedra e un 26% na Coruña.

O dato máis curioso é o da cidade de Santiago de Compostela, onde a metade dos alumnos formados atopan traballo pero tan só un 15% deles atopan un traballo relacionado, superando tan só o resultado de inserción neta da cidade de Lugo (14%).

Ourense, Lugo e Ferrol gardan unha certa correlación entre os dous tipos de inserción, sen que se aprecien resultados fóra do esperable.

A inserción neta parcial² nestas sete comarcas ascende ao 26%, obtendo un resultado lixeiramente superior ao acadado no conxunto de Galicia.


As comarcas da provincia de Pontevedra son as que presentan unha mellor situación, ao destacar polo seu resultado positivo tanto na inserción bruta como na neta, especialmente Vigo.

² A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas sete comarcas entre a suma de formados nelas.



5.2.2. Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as urbanas)

O seguinte diagrama de barras resume a situación dun total de 10 comarcas que representan o 16% do alumnado formado:



Antes de comezar a comentar a gráfica, cómpre salientar o feito de que no ano 2012 eran 15 as comarcas que contaban con 100 alumnos ou máis, mentres que no ano 2013 o número de comarcas que cumpren con este requisito pasan a ser 10, de aí que, de representaren a cuarta parte dos alumnos formados, neste ano supoñan só un 16% do total.

Das 10 comarcas que conforman este grupo, observamos que 7 delas superan a media de inserción galega. Hai que resaltar os bos resultados da Terra Chá e do Baixo Miño, cunha inserción que supera o 60% en ambos os dous casos (66% e 62%, respectivamente).

O conxunto destas 10 comarcas obtén unha inserción bruta do 55%³, situándose cinco puntos por enriba das comarcas urbanas e superando en tres puntos a media galega.


Se analizamos a inserción neta do conxunto das 10 comarcas, os resultados non son tan positivos, xa que atopamos que, do total de alumnos inseridos⁴, atopan traballo relacionado un 20% deles, situándose cinco puntos por debaixo da media galega. A situación por comarcas é a que segue:

³ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas 10 comarcas entre a suma de formados nelas.

⁴ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas 10 comarcas entre a suma de formados nelas.



Inserción neta con máis de 100 alumnos, excepto comarcas urbanas



Tan só dúas comarcas superan a inserción neta media para Galicia, Sarria e Valdeorras, obtendo moi bos resultados: 1 de cada 3 alumnos atopa emprego relacionado en Valdeorras, e en Sarria sucede practicamente o mesmo.

Os peores resultados concrétnanse en catro comarcas: O Morrazo, A Mariña Central, A Mariña Occidental e O Baixo Miño. Cómpre salientar que esta última comarca conta cunha inserción bruta moi elevada (62%). Esta situación indicaría que, aínda que 2 de cada 3 alumnos do Baixo Miño atopan traballo, a porcentaxe de alumnos que o fan en empregos relacionados non é especialmente relevante, comparativamente á acadada noutros territorios galegos. As Mariñas presentan situacións similares; no entanto, O Morrazo amosa unha clara correspondencia entre as dúas insercións, xa que acada a menor inserción neste grupo de comarcas, tanto bruta como neta.

As outras catro comarcas obteñen unha inserción relacionada inferior ao 25%, aínda que superior ao 20% que presentan de media as 10 comarcas integrantes deste apartado. Dentro delas, mentres que Deza e Terra de Lemos xa contaban con insercións brutas inferiores ao 52% de media galega, as outras dúas comarcas, O Salnés e, sobre todo, A Terra Chá, presentan insercións brutas moi relevantes (59% e 66%, respectivamente). Esta situación indicaría que os mercados de traballo destas comarcas xeran un importante movemento contractual, no que os contidos dos cursos impartidos non están a influír en gran medida nos postos de traballo conseguidos.


As comarcas de Sarria e Valdeorras son as que presentan unha mellor situación, ao destacaren polo seu resultado positivo, tanto na inserción bruta como na neta. Os cursos que obteñen mellores resultados son os relacionados coa área de dependencia.



5.2.3. Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados

Este novo bloque de análise caracterízase por unha serie de 16 comarcas que, sen teren un gran volume de alumnado (10%), obteñen en xeral bos resultados, e son poucas as que se sitúan por debaixo do 52% de inserción bruta (concretamente, A Barcala, Meira e Betanzos).

A situación aparece reflectida no gráfico seguinte:



Atopamos un total de once comarcas que superan o 52% de inserción que marca a media de Galicia: O Carballiño, cun 75%; Taboas-Terra de Montes e Noia, 62%; Chantada, 59%; Arzúa e O Ribeiro, 58%; A Limia, 57%; Fisterra e Verín, 56%; A Barbanza, 54%; e Bergantiños, 53%.

O conxunto das 16 comarcas obtén un 56% de inserción⁵, situándose catro puntos por enriba da media galega.


Este resultado non vai acompañado dunha inserción neta destacable, xa que, se calculamos a inserción neta⁶ no conxunto destas comarcas, chegamos á porcentaxe do 22%, situándose por detrás do 25% acadado no conxunto de Galicia.

⁵ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas 16 comarcas entre a suma de formados nelas.

⁶ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas 16 comarcas entre a suma de formados nelas.



A situación en cada unha das comarcas queda reflectida no seguinte gráfico:



A pesar do bo resultado de inserción bruta, tan só **cinco comarcas presentan unha inserción neta superior á media galega, sendo especialmente relevante a comarca de Betanzos, onde case 1 de cada 2 persoas atopan emprego relacionado co obxecto do curso (45%), seguida de cerca por Tabeirós-Terra de Montes (43%)**. As outras tres comarcas, Bergantiños, Chantada e O Ribeiro, acadan todas elas un 33% de inserción: 1 de cada 3 persoas atopan traballo relacionado.

Meira iguala o resultado de inserción relacionada media de Galicia (25%).

O resto presenta unha inserción inferior, próxima á media galega no caso do Condado e Caldas, e inexistente no caso de Fisterra e O Carballiño. De feito, resulta especialmente relevante este último caso, xa que 3 de 4 persoas atopan traballo no Carballiño pero ningunha o fai en empregos relacionados co curso impartido⁷.

Cómpre salientar tamén a situación contraria descrita en Betanzos, dado que presenta a menor inserción bruta (42%), pero a máis alta inserción relacionada (45%). Esta situación indicaría que, malia ser menor a porcentaxe de alumnos que atopan traballo, en relación con outras comarcas, os cursos estarían moi ben orientados ás necesidades do mercado de traballo, xa que case a metade deles atopa un emprego relacionado co obxecto da acción formativa cursada. Os mellores resultados recóllense na área sanitaria.

A comarca de Tabeirós-Terra de Montes é a que presenta unha mellor situación, ao destacar polo seu resultado positivo tanto na inserción bruta como na neta. Esta situación aparece propiciada pola realización dun curso de compromiso de contratación dirixido a axentes de extinción de

⁷ Neste punto, debemos facer constar que nesta comarca se realizaron dous cursos con compromisos de contratación para postos de traballo moi específicos que non teñen unha relación directa nos códigos SISPE, de aí que o cálculo de inserción neta se vexa prexudicada. Os cursos son FMEC03CCC Saneador de chapa de aceiro e FMEC04CCC Operarios de construción de torres eólicas.



incendios, intervención e salvamento de emerxencias, realizado nesta comarca durante o ano 2013. Habería que destacar tamén os resultados obtidos no Ribeiro, Bergantiños e Chantada, xustificados en gran medida pola realización de cursos da área de dependencia.

5.2.4. Comarcas con menos de 30 alumnos formados

O número de alumnos formados nestas comarcas non permite extraer conclusións significativas sobre as porcentaxes de inserción acadadas. As comarcas que están incluídas neste bloque son: Quiroga, Terra de Melide, A Ulloa, A Mariña Oriental, Terra de Soneira, A Paradanta, Ordes, Os Ancares, A Baixa Limia, O Sar, Xallas, Allariz-Maceda, Eume e Viana.

As comarcas de Muros, Ortegal, A Fonsagrada, Terra de Caldeas, Terra de Celanova e Terra de Trives non presentan ningunha programación formativa no ano 2013.

6. Análise por familias

6.1. Alumnado formado e inserido por familia profesional

A familia de Administración e Xestión e a de Servizos Socioculturais e á Comunidade destacan sobre as demais polo volume de formados que presentan, seguidas a moita distancia pola familia de Transportes e Mantemento de Vehículos, e pola de Sanidade. A diferenza do acontecido o ano anterior, a familia de Administración e Xestión recupera o primeiro posto por número de alumnos formados, en detrimento da de Servizos Socioculturais.

Táboa: Alumnos formados e inserción bruta por familia

	Formados	Inseridos	% inserción
Actividades Físicas e Deportivas	77	47	61%
Administración e Xestión	2.047	950	46%
Agraria	417	172	41%
Artes e Artesanías	11	6	55%
Artes Gráficas	114	38	33%
Comercio e Márketing	283	136	48%
Edificación e Obra Civil	225	113	50%
Electricidade e Electrónica	250	105	42%
Enerxía e Auga	356	192	54%
Fabricación Mecánica	448	230	51%
Hostalaría e Turismo	587	291	50%
Imaxe e Son	41	20	49%
Imaxe Persoal	144	71	49%
Industrias Alimentarias	51	39	76%
Industrias Extractivas	22	6	27%
Informática e Comunicaciós	523	219	42%
Instalación e Mantemento	222	106	48%




Madeira, Moble e Cortiza	311	158	51%
Marítimo-Pesqueira	172	81	47%
Sanidade	853	422	49%
Seguridade e Medio Ambiente	180	96	53%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1.769	1.053	60%
Téxtil, Confección e Pel	27	23	85%
Transporte e Mantemento de Vehículos	956	651	68%
GALICIA	10.101	5.226	52%

Podemos comprobar como catro familias aglutinan máis da metade do alumnado, aínda que con resultados de inserción bruta moi dispares:

- Administración e Xestión (46%).
- Servizos Socioculturais e á Comunidade (60%).
- Transporte e Mantemento de Vehículos (68%).
- Sanidade (49%).

Outras dúas familias contan cun volume de alumnado significativo: Hostalaría e Turismo, e Informática e Comunicacions, superando ambas as dúas o 5% do total do alumnado formado ao longo de 2013. Das seis familias profesionais citadas, só dúas, Transporte e Mantemento de Vehículos e Servizos Socioculturais e á Comunidade, reflicten unha inserción bruta superior á media galega (52%). No caso da formación en transportes, a inserción supera en dezaseis puntos porcentuais a inserción media, e nos servizos socioculturais a mellora é da metade, oito puntos porcentuais.

Graficamente, a inserción bruta das familias profesionais con respecto á citada media aparece recollida no seguinte gráfico de barras:






Os resultados son moi extremos, segundo a familia da que esteamos a falar. Das oito familias que se sitúan por riba da inserción bruta media calculada para Galicia habería que destacar, polo volume de alumnado que representan, a de **Transportes e Mantemento de Vehículos e a de Servizos Socioculturais e á Comunidade**. Das outras seis, só terían unha certa significación as familias de Enerxía e Auga (356 alumnos), Seguridade e Medio Ambiente (180 alumnos), Actividades Físicas e Deportivas (77 alumnos) e Industrias Alimentarias (51 alumnos). Tanto a familia Téxtil, Confección e Pel como a de Artes e Artesanías non chegan a formar 30 alumnos (corte realizado na análise territorial para determinar aquelas comarcas con significación para este estudo), polo que os resultados descritos non parecen suficientemente significativos.

Se atendemos aos resultados de inserción relacionada, é dicir, as persoas que atopan traballo vinculado co obxecto do curso, as conclusións serían outras.

Graficamente a situación é a seguinte:



As familias que obteñen unha inserción neta superior ao 25% de media galega son, unha vez máis, a de Transportes e Mantemento de Vehículos e a de Servizos Socioculturais e á Comunidade, pero, ademais, habería que destacar a importante inserción neta acadada tanto en Sanidade como en Hostalaría e Turismo (36% ambas as dúas). Nestas dúas familias, aproximadamente a metade do alumnado atopa traballo, pero o número de persoas que conseguen un emprego relacionado co obxecto do curso resulta moi relevante e significativo. De feito, a inserción neta indicaría que **algo máis de 1 de cada 3 persoas das que atopan traballo en Sanidade e en Hostalaría e Turismo o fai nun emprego relacionado cos cursos recibidos.**



Dentro das familias con escaso volume de alumnado, volven destacar en positivo as familias de Téxtil, Confección e Pel e a de Actividades Físicas e Deportivas.

Das seis familias destacadas polo número de alumnos que forman, tan só a de Administración e Xestión e a de Informática e Comunicacions non superan a media de inserción neta do 25% acadada no conxunto de Galicia. Administración e Xestión consegue un 14%, situándose moi por debaixo da media galega, e Informática e Comunicacions conta cunha inserción neta de tan só o 8%.

Por outra banda, hai dúas familias que non logran inserir ninguén nunha ocupación relacionada co obxecto do curso: Artes e Artesanías e Industrias Extractivas. Situación similar, aínda que non tan extrema, acontece nas familias de Enerxía e Auga e na de Seguridade e Medio Ambiente, con baixo nivel de alumnado, insercións brutas altas e insercións netas moi inferiores á media galega.

6.2. Perfil do alumnado inserido por familia profesional⁸

Nos seguintes cadros presentamos, de xeito esquematizado, o perfil máis habitual por familia profesional das persoas que conseguen un contrato nos doce meses seguintes ao remate do curso (inserción bruta):

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional	AGRARIA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio
ARTES E ARTESANÍAS •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	ARTES GRÁFICAS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	COMERCIO E MÁRKETING •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	ENERXÍA E AUGA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional

⁸ Para elaborar estes perfís, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.



FABRICACIÓN MECÁNICA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	HOSTALARÍA E TURISMO •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional	IMAXE E SON •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
IMAXE PERSOAL •Muller •Menor ou igual a 25 anos •Titulación ensino obrigatorio	INDUSTRIAS ALIMENTARIAS •Muller •26 a 45 anos/De 46 ou máis anos •Titulación ensino obrigatorio	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
INSTALACIÓN E MANTEMENTO •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	MADEIRA, MOBLE E CORTIZA •Home •26 a 45 anos •Titulación de ensino obrigatorio	MARÍTIMO-PESQUEIRA •Home •26 a 45 anos •Ata certificado de escolaridade
SANIDADE •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional	SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS •Home •26 a 45 anos/Menor ou igual a 25 anos •Titulación ensino obrigatorio	TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional



Os homes insírense en maior medida no sector primario, na Construción, nas Actividades Técnicas e Industriais e, en menor medida, nos Servizos, aínda que tamén destacan en actividades concretas do terciario, como: Informática e Comunicacions, Transportes e Mantemento de Vehículos ou Seguridade e Medio ambiente. As mulleres, pola contra, destacan claramente no sector servizos e en actividades industriais moi concretas, como a Industria Alimentaria ou a Téxtil.

O nivel académico sitúa lixeiramente por enriba a formación profesional, aínda que seguida de cerca pola titulación de ensino obrigatorio, cunha excepción: os traballadores con formación de ata certificado de escolaridade na familia Marítimo-Pesqueira.

O ensino obrigatorio aparecería destacado no sector agrario, na Construción, en dúas familias do sector servizos fortemente feminizadas: Imaxe Persoal e Comercio, e tamén en varias familias industriais: Fabricación Mecánica, Madeira, Extractivas, Alimentarias e Téxtil.

O intervalo de idade de 26-45 anos, pola súa amplitude, recolle a maior parte dos inseridos, de aí que apareza en case todas as familias. En dúas delas aparece reflectido este intervalo xunto con outro, ampliando o tramo de idade a salientar e sen que poidamos concretar máis o perfil neste respecto: nas Industrias Extractivas o intervalo fai referencia aos menores de 46 anos, e nas Industrias Alimentarias o segmento de idade abarca os maiores de 25 anos. A única familia que non fai referencia ás idades intermedias, concentrando o resultado nos máis novos, é a de Imaxe Persoal.

Os perfís anteriores refírense aos resultados dos inseridos segundo o cálculo de inserción bruta, é dicir, persoas que atopan traballo teñan ou non relación co obxecto do curso. Se atendemos aos perfís da inserción neta, apenas hai diferenzas. Analizando os resultados para as catro familias que aparecen destacadas polo volume de alumnado e por acadar unha inserción neta superior á media galega, debemos facer constar que o único cambio substancial se produce na familia de Hostalaría e Turismo, xa que o nivel académico máis recorrente non é a formación profesional, senón a titulación de ensino obrigatorio e, en segundo termo, os estudos de ata certificado de profesionalidade. A familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade segue a destacar, en maior medida, polo número de persoas que contan cun nivel de formación profesional (118 persoas), aínda que as que contan con titulación de ensino obrigatorio amosan unha cifra moi próxima (113 persoas).

6.3. Especialidades formativas con mellores resultados

Presentamos a continuación unha listaxe de cursos seleccionados por cumpriren os seguintes requisitos:

- Teren máis de 30 alumnos inseridos.
- Reflectiren unha inserción bruta igual ou superior á media galega (52%).

Deste xeito, eliminamos cursos que, malia presentaren insercións elevadas, teñen un volume de alumnado que non resulta relevante nin concluínte nun estudo destas características. Por outra banda, algúns dos cursos relacionados foron dados de baixa ao se substituíren por novos certificados de profesionalidade. Non obstante, pasamos a analizar os resultados descritos atendendo á programación referida ao ano 2013.



ESPECIALIDADE FORMATIVA		Formados	Inseridos	% inserción bruta
TMVT01CCC	Operario en sistemas de produción PSA nivel 2	91	91	100%
TMVY87CCC	Operario básico	110	110	100%
TMVY89CCC	Carristas automoción Citroën	33	33	100%
TMVY93CCC	Retocador de automoción Citroën	38	38	100%
INAJ03CCC	Auxiliar de produción de conservas - segunda fase	37	36	97%
TMVC06	Transporte de mercadorías perigosas por estrada	55	41	75%
TMVC31	Conductor de vehículos clases C1-C	59	40	68%
HOTR0408	Cociña	99	67	68%
MAMS0108	Instalación de elementos de carpintería	52	34	65%
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	534	333	62%
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	865	532	62%
TMVG0209	Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos	53	32	60%
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	201	121	60%
TMVC44	Transporte de mercadorías por estrada (CAP)	124	71	57%
FMEC0110	Soldadura con eléctrodo revestido e TIG	72	41	57%
SSCE0110	Docencia da formación profesional para o emprego	155	85	55%
MAMR0108	Montaxe de mobles e elementos de carpintería	97	52	54%
FMEC0108	Fábrica e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	60	32	53%
XXSEAS0172	Formación básica	60	32	53%
ADGN0108	Financiamento de empresas	117	62	53%

Con respecto á listaxe anterior, hai que indicar, en primeiro termo, que os cursos con **compromiso de contratación** acadan os primeiros postos, especialmente todos os referidos á empresa Citroën. Isto determina o bo resultado de inserción bruta e neta logrado na comarca de Vigo e, consecuentemente, na familia de Transportes e Mantemento de Vehículos. Esta familia conta ademais con bos resultados nos cursos dirixidos a condutores e mais a mecánica do automóbil no que respecta ao novo certificado TMVG0209 (Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos).

Cómpre destacar tamén o certificado de cociña, a instalación de elementos de carpintería, a montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, e, por suposto, a rama de dependencia, tanto de atención a domicilio como en institucións.

Ben que o groso destes cursos pertence a familias que presentan insercións que superan a media galega de inserción bruta (52%), certo é que aparecen algúns deles que non forman parte de familias con tan bo resultado no seu conxunto. Habería que citar os seguintes:



- HOSTALARÍA E TURISMO: HOTR0408 Cociña (68%).
- MADEIRA, MOBLE E CORTIZA: MAMS0108 Instalación de elementos de carpintería (65%) e MAMR0108 Montaxe de mobles e elementos de carpintería (54%).
- FABRICACIÓN MECÁNICA: FMEC0110 Soldadura con eléctrodo revestido e TIG (57%) e FMEC0108 Fábrica e montaxe de instalacións de tubaxe industrial (53%).
- ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN: ADGN0108 Financiamento de empresas (53%).

Estas accións formativas obteñen, por si mesmas, bos resultados.

Se atendemos á inserción neta, dos cursos da listaxe anterior só atopariamos bo resultado nas especialidades con cursos de compromiso de contratación de Citroën, no certificado de Cociña, na rama de Dependencia e no certificado de Docencia da formación profesional para o emprego.

Pola contra, si que aparecen con boa inserción neta unha serie de cursos que non saían na listaxe anterior, xa que, aínda que tiñan polo menos 30 alumnos formados, non presentaban unha inserción bruta relevante:

- **HOTR0208 Operacións básicas de restaurante e bar e HOTR0108 Operacións básicas en cociña;** ambas as dúas especialidades non acadan unha inserción bruta superior á media galega, pero reflicten unha inserción neta relevante. Os alumnos inseridos atopan traballo relacionado en gran medida co obxecto do curso.
- **SANC3007 Auxiliar de enfermaría en xeriatria e SANC01 Atención especializada para enfermos de alzhéimer;** ningunha destas especialidades son certificados de profesionalidade, constitúen unha formación especializada para persoal sanitario que atopa saída profesional na área de Dependencia.
- **ADGD0308 Actividades de xestión administrativa.** A familia de Administración e Xestión presenta unha sobreformación que non resulta xustificable polos resultados de inserción que obtén; no entanto, este certificado de profesionalidade presenta unha inserción relacionada relevante: 1 de cada 3 persoas que o cursan atopan traballo relacionado co obxecto do curso.

En definitiva, xuntando os resultados, tanto de inserción bruta como de neta, atopamos unhas áreas en que os cursos de formación para o emprego amosan mellores resultados:

- **Industria do automóbil (cursos de compromiso de contratación de Citroën).**
- **Servizos de restauración (hostalaría).**
- **Dependencia e coidados xeriátricos.**
- **Docencia de formación profesional para o emprego.**
- **Actividades de xestión administrativa**



7. Análise do alumnado inserido

As tres variables que se analizan neste punto son a idade, o sexo e o nivel académico.

Aproximadamente o 54% do alumnado inserido son mulleres, aínda que debemos ter en conta que o volume de mulleres formadas tamén é lixeiramente superior ao dos homes (o 53% do total). **Se atendemos á inserción neta, as mulleres aumentan en gran medida a súa diferenza porcentual cos homes, acadando o 62%.**

Se estudamos de xeito illado o nivel académico, atopamos que a formación profesional é o nivel máis habitual, reflectindo un 36% do total dos inseridos, seguido polas persoas que contan con titulación de ensino obrigatorio, cun 27%. Esta mesma circunstancia repítese no cálculo da inserción neta, aínda que a formación profesional incrementaría a porcentaxe ata o 41%, e o ensino obrigatorio mantén a mesma porcentaxe.

O 68% dos inseridos pertencen ao grupo de idade intermedio de 26-45 anos, mentres que o grupo de máis idade representa tan só un 11% do total. A inserción neta difire lixeiramente deste resultado, xa que o intervalo de 26-45 anos acada o 66%, mentres que nos de máis de 46 anos ascende ao 14%.

O perfil máis habitual dentro dos alumnos que atopan traballo, tanto de inserción bruta como neta, queda reflectido no seguinte cadro:

Muller
26-45 anos
Formación profesional

7.1. Alumnado inserido por sexo e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados porcentuais combinando estas dúas variables:

Niveis académicos	Inserción bruta		Inserción neta	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Ata certificado de escolaridade	41%	38%	20%	22%
BUP/Bacharelato superior/COU	48%	53%	22%	29%
Formación profesional	56%	57%	24%	30%
Outras titulacións	50%	50%	100%	0%
Titulación ensino obrigatorio	50%	54%	17%	34%
Titulados universitarios	52%	53%	16%	19%
TOTAL	50%	53%	20%	28%

A inserción bruta no caso das mulleres supera en todos os niveis académicos a dos homes, agás no nivel de ata certificado de escolaridade (o resultado no nivel de “outras titulacións” non resulta




relevante pola súa escasa significación). O maior diferencial entre ambos os dous sexos é o referente ao nivel de Bacharelato.

Neste punto, debemos salienta que as mulleres que realizan cursos de formación para o emprego parten, en xeral, dunha maior cualificación que os homes, especialmente evidente nas titulacións universitarias e, en menor medida, en BUP e en formación profesional. Así pois, os mellores resultados de inserción bruta nos niveis de maior cualificación virían explicados en gran medida por partir dun número de mulleres formadas maior que o de homes. Non obstante, no nivel de titulación de ensino obrigatorio resulta curioso que, habendo 1.588 homes participantes nas accións formativas fronte a 1.145 mulleres, a inserción bruta feminina sexa catro puntos superior.

En canto á inserción neta, as mulleres superan os homes en todos os niveis, mesmo no de ata certificado de escolaridade (os resultados das outras titulacións son pouco representativos). Esta circunstancia explicaría polo feito de que as mulleres con menor formación realizan, en maior medida que os homes, cursos relacionados coa área de dependencia. Estes cursos obteñen bos resultados relativos, circunstancia que fai que as mulleres aparezan con mellores resultados de inserción neta, mesmo nos niveis formativos de menor cualificación, onde hai maior número de alumnos formados de xénero masculino.

O seguinte gráfico de barras mostra visualmente as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico:

Alumnos inseridos por nivel académico





7.2. Alumnado inserido por idade e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados combinando estas dúas variables:

	Inserción bruta			Inserción neta		
	≤ 25	26 a 45	≥ 46	≤ 25	26 a 45	≥ 46
Ata certificado de escolaridade	3%	5%	1%	3%	4%	1%
BUP/Bacharelato superior/COU	2%	8%	2%	1%	9%	2%
Formación profesional	7%	26%	3%	10%	26%	5%
Outras titulacións	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Titulación ensino obrigatorio	7%	17%	4%	5%	17%	4%
Titulados universitarios	1%	12%	1%	1%	9%	2%
TOTAL	21%	68%	11%	20%	66%	14%


No que respecta á inserción bruta, a **formación profesional resulta o nivel académico máis salientable no grupo de 26 a 45 anos; nos máis novos aparecen destacadas tanto a formación profesional como a titulación de ensino obrigatorio e nos maiores de 45 anos sobresaíe lixeiramente a titulación de ensino obrigatorio**. A formación profesional aparece salientada en todos os tramos de idade no que respecta á inserción neta.

O **grupo de 26 a 45 anos**, pola súa amplitude, representa un 68% do total dos inseridos, polo que é o que conta cunha maior porcentaxe de inseridos en todos os niveis académicos. Na inserción neta a situación é exactamente a mesma, aínda que a porcentaxe global é dun 66%, baixando en dous puntos porcentuais o seu peso no conxunto de idades.

É necesario destacar que, mentres que os intervalos de 26 a 45 anos e os de idades inferiores diminúen a súa inserción neta con respecto á bruta, o segmento de máis de 45 anos mellora os seus resultados relativos en tres puntos. Estes tres puntos increméntanse no grupo de formación profesional e de titulación universitaria, polo que estamos a falar de persoas formadas que poden utilizar a realización de certificados como xeito de actualizar e reciclar a súa formación previa.

Outro grupo moi beneficiado no cálculo da inserción neta é o de alumnos menores de 25 anos con formación profesional. A realización do curso pode servir tamén como reforzo da formación previa, facilitándolles a consecución dun traballo.

O seguinte gráfico de barras mostra as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico:



8. Análise dos contratos realizados

Consideramos interesante analizar o conxunto dos contratos realizados ao colectivo de alumnos inseridos para coñecer a súa realidade laboral.

Para levar adiante esta análise, estudaremos o número de contratos realizados segundo a actividade económica da empresa, a tipoloxía contractual e a ocupación que consta no contrato.

8.1. Actividade económica da empresa contratante

8.1.1. Clasificación por sector económico


A maioría dos contratos, un 76%, realizáronse no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, acadando un 63% dos contratos rexistrados.

No resto dos sectores, os homes presentan un maior peso contractual, especialmente no sector da construción, onde as mulleres só rexistran un 9% do total dos contratos.

Graficamente, pódese apreciar o peso que reflicte o sector servizos fronte aos outros:



Distribución da contratación por sector económico



Se atendemos aos resultados da inserción neta, os resultados difiren lixeiramente, xa que o sector servizos acada un 70% dos contratos e as mulleres pasan a representar un 75% da súa totalidade. En definitiva, o peso da contratación no sector servizos diminúe en seis puntos porcentuais, pero a porcentaxe de mulleres contratadas neste sector increméntase substancialmente en doce puntos.

8.1.2. Clasificación en seccións CNAE

A Clasificación Nacional de Actividades Económicas vixente (CNAE-2009) enumera unha serie de seccións económicas que pasamos a listar na seguinte táboa:

SECCIÓN ECONÓMICAS CNAE-2009		Total inseridos
A	AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	150
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	7
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	769
D	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	1
E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	18
F	CONSTRUCCIÓN	301
G	COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	712
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	198
I	HOSTALARÍA	580
J	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	119
K	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	31




L	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	12
M	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	212
N	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	497
O	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	368
P	EDUCACIÓN	222
Q	ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS	677
R	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	113
S	OUTROS SERVIZOS	142
T	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUCTO	97
TOTAL		5.226

A contratación realízase en distintas actividades económicas, aínda que as tres seccións que concentran o maior número de contratos son a Industria Manufactureira (769), o Comercio por Xunto e polo Miúdo (712), e as Actividades Sanitarias e Servizos Sociais (677). Xunto con estas, aparecen tamén salientadas a Hostalaría e as Actividades Administrativas e Servizos Auxiliares.

Graficamente, a situación quedaría reflectida no seguinte diagrama de barras:

Contratos por sección CNAE-2009 (total de inseridos)





Se pasamos a analizar cantos destes contratos fan referencia a persoas que atopan un traballo relacionado co obxecto do curso, a situación presenta unha situación diferente.

Atendendo ao volume de contratos, a sección CNAE que aparece nun primeiro lugar é a de actividades sanitarias e servizos sociais, que indicaría que un 56% dos contratos formalizados foron a persoas que realizaron accións formativas relacionadas con ocupacións desta sección económica. Ponse en evidencia o bo resultado que obteñen os cursos relacionados coa área de dependencia, tanto de servizos sociais como de sanidade.


A industria manufacturera ocupa o segundo posto, favorecida polos compromisos de contratación da industria do automóbil. Nesta sección, o 44% dos contratos realízanselles a persoas que proveñen de cursos relacionados.

Agora ben, o Comercio por Xunto e polo Miúdo, que ocupa o segundo posto polo número de contratos realizados, amosa como só un 9% das contratacións se refiren a persoas que fixeron un curso nesta familia formativa.

A Hostalaría, que rexistra un total de 580 contratos, aparece cun discreto 17% de contratos relacionados co obxecto do curso. Esta familia presenta unha inserción neta moi relevante (36%), é dicir, as persoas que realizan cursos de hostalaría atopan en gran medida un emprego relacionado; no entanto, o que sinalaría o dato anterior é que moitas persoas atopan un traballo nestas actividades, independentemente da formación de partida, de aí que o volume de contratos sexa moi elevado. A falta de exixencia na contratación destes profesionais facilita a entrada de traballadores doutros sectores con formación ou experiencia noutros campos.

As actividades administrativas son a 5ª actividade en importancia polo seu número de contratos. Tan só un 14% se corresponden con contratos relacionados co obxecto do curso.

A situación para todas as seccións económicas é a que segue:





Xunto coas dúas seccións destacadas, Actividades sanitarias e servizos sociais e a Industria manufacturera, habería que destacar outras dúas: Actividades financeiras e de seguros, e Outros servizos.

As actividades financeiras non presentan moita relevancia en termos absolutos, xa que se rexistran un total de 31 contratos e, destes, 11 están relacionados coa formación recibida.

Outros servizos conta cun maior peso (142 contratos e 45 persoas relacionadas). Dentro destas actividades están incluídas as seguintes: actividades das organizacións asociativas, reparación de ordenadores e artigos de uso persoal e doméstico (teléfonos, electrodomésticos, calzado, mobles, reloxs, etc.) e diversas actividades de servizos persoais (lavado e limpeza en seco, perrucaría e tratamentos de beleza, pompas fúnebres, actividades de mantemento físico, etc.).

8.2. Grupos ocupacionais

8.2.1. Clasificación en grandes grupos ocupacionais

A Clasificación Nacional de Ocupacións 2011 (CNO-2011) engloba todas as ocupacións en nove grandes grupos ocupacionais que detallamos a continuación (incluímos o décimo grupo –“grupo 0”– de ocupacións militares, pois, aínda que a súa presenza é pouco significativa, permítenos obter o total de 5.226 inseridos):

GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS CNO-2011 (inserción bruta)		Homes	Mulleres	Total
0	OCUPACIÓNS MILITARES	0	1	1
1	DIRECTORES E XERENTES	0	7	7
2	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	96	247	343
3	TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	185	170	355
4	EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	168	415	583
5	TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	444	1.226	1.670
6	TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	60	22	82
7	ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA)	402	76	478
8	OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA, E MONTADORES	413	114	527
9	OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	631	549	1.180
TOTAL		2.399	2.827	5.226

As mulleres presentan un maior número de contratos no grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, nas “ocupacións elementais” e nos “empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina”.

Os homes presentan un maior número de contratos nas “ocupacións elementais” e nos grupos 5, 7 e 8. Onde presentan un diferencial moi importante con respecto ás mulleres é nos tres seguintes:



- **Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria).**

O 84% dos contratos son para os homes.


- **Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores.**

Os homes representan un 78% da contratación.

- **Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro.**

O 73% da contratación rexístrase no colectivo masculino.

Graficamente, esta situación aparece recollida no seguinte gráfico de barras:



Por outra banda, a inserción das mulleres aparece claramente inclinada cara a tres grupos ocupacionais:

- **Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores.**

Este grupo ocupacional relaciónase claramente con actividades do sector servizos: hostalaría, servizos de dependencia, comercio. O 73% do total da contratación realízase a mulleres.

- **Técnicos e profesionais científicos e intelectuais.**


A porcentaxe de alumnas licenciadas e diplomadas é moi superior á que presenta o colectivo masculino, motivo polo que o 72% dos contratos recollidos neste grupo son para as mulleres.

- **Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina.**

Esta actividade tamén pertence ao sector servizos, e os contratos a mulleres representan un 71% do total.



Analizando a inserción neta por grupos ocupacionais e sexo, habería que facer as seguintes consideracións:



A maior inserción neta ten lugar no grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, concretamente esta inserción prodúcese nas ocupacións de **montadores e ensambladores**, sen dúbida pertencentes á industria do automóbil. A inserción da muller resulta superior aos homes, aínda que cómpre salientar o feito de que o volume de mulleres que se insiren é moi inferior (199 homes atopan traballo como montadores e ensambladores, fronte a 73 mulleres).

O outro dato relevante é a importante inserción neta das mulleres no grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores. As ocupacións en que se reflicte este bo resultado son as relacionadas coa **área de dependencia**; concretamente, traballadores dos coidados persoais a domicilio e os traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde (institucións).

8.2.2. Clasificación en grupos primarios

A clasificación en grandes grupos ocupacionais permítenos ter unha visión de conxunto das ocupacións en que, en maior medida, é contratado o alumnado inserido.

En calquera caso, para podermos afinar máis, debemos coñecer aqueles grupos primarios (CNO a 4 díxitos) que contan cun maior número de contratos. Deste xeito, tratamos de establecer unha correspondencia entre os cursos con mellores resultados de inserción e a contratación real do alumnado formado.

Presentamos a continuación unha táboa onde aparecen tan só os grupos primarios que teñen, polo menos, 40 contratos realizados como mostra representativa da realidade contractual do alumnado:



CNO-2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
5120	CAMAREIROS ASALARIADOS	404
5220	VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	327
8209	MONTADORES E ENSAMBLADORES NON CLASIFICADOS NOUTRAS EPÍGRAFES	275
5710	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	255
9700	PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	221
9210	PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	214
4500	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	171
5629	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	154
2121	ENFERMEIROS NON ESPECIALIZADOS	137
4309	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	118
9100	EMPREGADOS DOMÉSTICOS	104
4424	TELEOPERADORES	103
9811	PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	100
5611	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	79
9310	AXUDANTES DE COCIÑA	69
8432	CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	68
9601	PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	68
3510	AXENTES E REPRESENTANTES COMERCIAIS	60
2329	PROFESORES E PROFESIONAIS DO ENSINO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	56
3724	MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	53
7121	ALBANEIS	52
5110	COCIÑEIROS ASALARIADOS	51
3613	ASISTENTES DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVOS	46
8412	CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	45
5500	CAIXEIROS E VENDEDORES DE BILLETES (AGÁS BANCOS)	43
9511	PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)	42

Imos, pois, citar aquelas áreas con mellores resultados relativos (segundo aparecen no apartado 6.3. deste informe) e a súa correspondencia cos grupos primarios destacados na táboa anterior:

■ **Industria do automóbil.**

Aparece nos grupos primarios:

- Montadores e ensambladores non clasificados noutras epígrafes (275 contratos).
- Peóns de industrias manufactureiras (221 contratos).



■ **Servizos de restauración (hostalaría).**

Claramente representados en:

- Camareiros asalariados (404 contratos).
- Axudantes de cociña (69 contratos).
- Cociñeiros asalariados (51 contratos).

■ **Dependencia e coidados xeriátricos.**

Os grupos primarios serían:

- Traballadores dos coidados persoais a domicilio (255 contratos).
- Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes (154 contratos).
- Enfermeiros non especializados (137 contratos).
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria (79 contratos).

■ **Servizos socioculturais: Formador ocupacional.**

Estarían reflectidos en:

- Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes (56 contratos).

■ **Administración e xestión: Actividades de xestión administrativa.**

Os grupos con máis contratos son:

- Empregados administrativos con tarefas de atención ao público (171 contratos).
- Empregados administrativos sen tarefas de atención ao público (118 contratos).
- Asistentes de dirección e administrativos (46 contratos).

8.3. Tipoloxía dos contratos


Por segundo ano consecutivo, a contratación temporal a tempo parcial consegue superar en dous puntos porcentuais a contratación temporal a tempo completo. Cómpre salientar tamén un lixeiro incremento da contratación indefinida e dos contratos de prácticas/formación.

Se analizamos o número de contratos obtidos en traballos relacionados co obxecto do curso, a situación é moito máis extrema, xa que os contratos temporais a tempo parcial duplican o número de contratos temporais a tempo completo. Dos 784 contratos temporais a tempo parcial rexistrados en 2013, o 35% recóllense nas ocupacións de montadores e ensambladores, e o 28% nos traballadores dos coidados persoais a domicilio.




Os seguintes gráficos de sectores reflicten o resumo da situación:

Distribución de contratos por tipoloxía (inserción bruta)




Distribución de contratos por tipoloxía (inserción neta)




Nos resultados de inserción bruta, os homes acadan máis contratos temporais que as mulleres; non obstante, o colectivo feminino destaca claramente nos contratos temporais a tempo parcial.

No que respecta á inserción neta, as mulleres presentan un maior protagonismo tanto nos contratos temporais como nos temporais a tempo parcial. As mulleres concentran o 62% da contratación, circunstancia que explicaría o maior peso que reflicten con respecto aos homes.

Distribución dos contratos por tipoloxía e sexo (inserción bruta)



Distribución dos contratos por tipoloxía e sexo (inserción neta)





9. Conclusións

A partir da análise realizada ao longo deste informe, podemos extraer unha serie de conclusións que resaltan aspectos e reflexións que consideramos de interese:

- **A Consellería de Traballo e Benestar formou durante o ano 2013 un total de 10.101 alumnos que acadaron un 52% de inserción laboral** (inserción bruta).
- O 62% deste alumnado xa conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses.
- **A cuarta parte dos alumnos inseridos atopan un traballo relacionado co obxecto do curso** (inserción neta).

9.1. Análise territorial

- **A provincia de Pontevedra é a única que acada unha inserción bruta e neta superior á media galega.** Esta situación vén motivada polo excelente resultado obtido na comarca de Vigo, propiciada en gran medida pola realización de cursos con compromiso de contratación na empresa Citroën.
- **O volume de alumnado que se concentra nas comarcas urbanas supón un 72% do total, aumentando neste último ano en sete puntos porcentuais con respecto a 2012.** A maior concentración nestas implica a diminución do número de comarcas non urbanas con máis de 100 alumnos, pasando de 15 comarcas a 10 no último ano.
- As comarcas urbanas presentan os peores resultados de inserción bruta con respecto aos outros grupos de comarcas analizadas; no entanto, a inserción relacionada acada os mellores resultados (26%), debido principalmente á realización de cursos con compromiso de contratación.

As comarcas con menor volume de alumnado conseguen as maiores porcentaxes de inserción bruta, pero son as comarcas das sete grandes cidades as que reflicten unha maior inserción relacionada.

- **Os resultados máis desexables danse nos ámbitos territoriais en que se combinan unhas insercións brutas e netas salientables,** xa que a combinación de ambos os dous resultados apuntaría cara a unha inserción laboral relevante e relacionada co obxecto do curso. As comarcas que obteñen mellores resultados segundo este criterio son: Vigo, Pontevedra, Sarria, Valdeorras, Tabeirós-Terra de Montes, O Ribeiro, Bergantiños e Chantada.
- Por outra banda, atopamos **un total de 14 comarcas que reflicten unha importante inserción bruta que non vai acompañada por unha inserción neta superior á media galega.** Esta situación concéntrase en áreas non metropolitanas.

Comarcas cunha alta inserción bruta, non acompañadas dunha inserción neta relevante, poden deber a súa situación a varias causas: alumnado con formación e/ou experiencia previa noutras áreas formativas; ou existencia de mercados de traballo cun importante movemento contractual en actividades económicas concretas, nos que os contidos dos cursos impartidos non están a influír en gran medida na inserción laboral.



9.2. Análise por familias

- **Os 10.101 alumnos repártense entre vinte e catro familias profesionais**, pero só seis delas contan cunha porcentaxe de alumnos formados relevante: Administración e Xestión (20%), Servizos Socioculturais e á Comunidade (18%), Transporte e Mantemento de Vehículos (9%), Sanidade (8%), Hostalaría e Turismo (6%) e Informática e Comunicacions (5%).
- **A familia de Transporte e Mantemento de Vehículos e a de Servizos Socioculturais e á Comunidade son as que obteñen os mellores resultados na programación de 2013**, xa que, ademais de daren formación a un número representativo de alumnos, obteñen uns resultados de inserción bruta e neta superiores á media de Galicia.
- As seis familias profesionais que acadan as maiores porcentaxes de inserción neta son: **Sanidade, Servizos Socioculturais e á Comunidade, Hostalaría e Turismo, Transporte e Mantemento de Vehículos**, cun volume de alumnado moi relevante, e mais as familias Téxtil, Confección e Pel, e Actividades Físicas e Deportivas, cunha menor repercusión polo número de alumnos que representan.

O cálculo da inserción neta serve como indicador do éxito das accións formativas programadas, xa que constitúe unha medida de impacto da formación no desemprego.

- **A familia de Administración e Xestión forma 1 de cada 5 alumnos participantes nos cursos do ano 2013**. Os resultados obtidos sinalan cara a unha sobreesaturación de alumnos formados nestas materias, polo que sería aconsellable diminuír o número de cursos que se programan. A gran proliferación de centros homologados en especialidades administrativas dificulta a diminución de accións formativas nesta área.

Máis do 42% do alumnado formouse en familias que obteñen unha inserción neta superior á media de Galicia, o que amosa unha boa orientación por parte da programación anual de cursos; no entanto, a familia de Administración e Xestión aparece sobredimensionada, sen que os resultados obtidos xustifiquen o seu peso no conxunto.

- Partir dun nivel académico de formación profesional previo facilita a inserción laboral posterior, xa que en moitos casos a realización destes cursos constitúe unha especialización sobre unha formación ou experiencia previa.
- A análise da inserción neta amosa como na familia de Hostalaría e Turismo o maior número de persoas que atopa un traballo relacionado parte dun nivel de titulación de ensino obrigatorio. Na familia de Servizos Socioculturais hai case unha equiparación no número de persoas que conseguen un emprego partindo dun nivel de formación profesional ou da titulación de ensino obrigatorio.

O 35% do alumnado que atopa un traballo relacionado co obxecto do curso ten un nivel académico de titulación de ensino obrigatorio ou inferior. A realización de certificados de profesionalidade supón un valor engadido que reporta claros beneficios á hora de atopar un traballo, especialmente en áreas como a hostalaría e a dependencia.

- As áreas en que os cursos de formación para o emprego rexistran mellores resultados son: **industria do automóbil, restauración (hostalaría), dependencia e coidados xeriátricos, formación ocupacional e o certificado de actividades administrativas**.



- A inserción da familia no seu conxunto pode ser orientativa, pero a inserción por especialidades é a que indica o éxito laboral das distintas accións formativas. De feito, a citada sobredimensión da familia de Administración e Xestión estaría xustificada no que respecta ao certificado de profesionalidade de actividades administrativas, aínda que non para o conxunto de certificados da familia.

9.3. Análise do alumnado inserido

- Dos 5.226 alumnos que atopan un traballo, o 54% son mulleres. Emporiso, se partimos do total de alumnos que atopan traballo relacionado co curso, o colectivo feminino pasaría a representar o 62%. Esta circunstancia explícase polo feito de que as mulleres se forman, en maior medida que os homes, en tres das catro familias que contan con maior número de alumnos e unha inserción neta superior á media de Galicia.
- As alumnas acadan unha maior porcentaxe de inserción bruta que os homes en todos os niveis académicos, agás no nivel de ata certificado de escolaridade. O dato salientable é que **na inserción neta as mulleres superan os homes en todos os niveis formativos, mesmo naquel en que hai máis homes formados e maior inserción bruta.**

Esta circunstancia viría explicada polo feito de que as mulleres con menor formación realizan, en maior medida que os homes, cursos relacionados coa área de dependencia. Estes cursos son os que obteñen mellores resultados relativos, circunstancia que fai que as mulleres aparezan con mellores resultados de inserción neta, mesmo nos niveis formativos de menor cualificación, onde hai maior número de alumnado masculino.

Os certificados de profesionalidade da área de dependencia requiren unha titulación de partida de ensino obrigatorio; no entanto, a acreditación de experiencia profesional permite obter o antedito certificado independentemente do nivel académico de partida. Así mesmo, a superación das probas de competencias clave de nivel 2 daría acceso á realización destes cursos.

- O segmento de maiores de 45 anos é o único que acada unha inserción neta superior á bruta. Concretamente, a subida rexístrase naqueles que contan con formación profesional e universitaria, polo que a realización destes cursos pode servir para actualizar e reciclar a formación previa.

A formación para o emprego pódelle servir como reciclaxe profesional a persoas con titulación que se atopan en situación de desemprego, outorgándolles un valor engadido nos seus currículos e valendo, nalgúns casos, para reorientar unha carreira profesional.

9.4. Análise dos contratos realizados

- O 76% dos contratos prodúcense no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, cun 63% de contratación. Se atendemos aos resultados de inserción neta, os resultados son aínda máis extremos, xa que as mulleres concentran un 75% dos contratos.
- As seccións económicas con maior contratación, tanto bruta como neta, son as que inclúen as actividades sanitarias e servizos sociais, e a industria manufactureira.



- Tanto o comercio como a hostalaría destacan polo volume de contratos que rexistran, aínda que gran parte destes se formalizan con alumnado proveniente doutras familias formativas.

O sector servizos absorbe man de obra doutros sectores económicos para cubrir postos de traballo nos que, na maior parte dos casos, non se exige formación nin experiencia previa. O sector hostaleiro constitúe un exemplo claro neste senso, e así, aínda que a realización de cursos nesta familia supón a consecución dunha inserción neta do 36%, certo é que ao longo do ano ten lugar a contratación de traballadores provenientes doutros sectores económicos, absorbendo moita man de obra sen cualificar.

- As mulleres concentran a súa contratación, o 73%, no gran grupo ocupacional de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, onde aparecen integrados os servizos de dependencia.
- Os homes presentan unha contratación moi superior con respecto ás mulleres nos seguintes grupos: “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)”, “Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores” e “Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro”.
- A maior inserción relacionada por ocupación dáse nos “Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores”, tanto para os homes como para as mulleres, e nos “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, no que respecta ao colectivo feminino.
- No ano 2013 segue a destacar a contratación a tempo parcial, especialmente relevante na inserción neta e nas mulleres.

galicia



XUNTA
DE GALICIA